

O que está a facer a administración coa Sanidade Pública:

Non se está a substituír o persoal sanitario que se ausenta por enfermidade, permisos, vacacións, etc..., o que provoca unha peor atención.

Elimínase o dereito á Sanidade gratuíta:

-Desactivando as tarxetas sanitarias das persoas que leven mais de 1 ano no paro sen cobrar nengunha prestación. Isto significa que mentres regularizan a súa situación (algo que pode tardar ata 8 meses) só poderán acceder á sanidade pagando (60 euros unha consulta, por exemplo).

-Non se atenderán ás persoas inmigrantes que leven menos de 183 días no estado español.

-Anúnciase o cobro polas receitas, polo transporte sanitario non urxente, pola comida hospitalaria e polo uso dos aseos nos hospitais.

Diminúense os presupostos para a Sanidade Pública galega (en 237 millóns de euros) , mentres que se aumenta a subvención da Sanidade Privada, que pasan de 204 a 207 millóns de euros.

Segue a privatización da Sanidade, a través de servizos de mantemento, compras e subministros, etc, e enviando a pacientes a centros privados (3,4 millóns de euros so a través do HULA)....

asamblea-anarquista-lugo@googlegroups.com

Na paxina do sergas definen da seguinte maneira o sistema sanitario:

“O Sistema Nacional de Saúde fundaméntase no principio de que toda persoa ten dereito á saúde, independentemente da súa situación económica e laboral. O estado responsabilízase plenamente de garantir este dereito xestionando e financiando a través dos presupostos xerais, un servizo sanitario que integra, ordena e normaliza todas as funcións sanitarias, o cal debe permitir o paso dunha concepción presidida pola enfermidade a unha práctica sanitaria baseada na saúde igual para todos.”

Se realmente é así, ¿porque se creou unha orde da consellería de sanidade que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos (PSR) e as persoas desempregadas (código 29)?.

Nesta orde da consellería, publicada no DOG o 9 de setembro do ano 2011, xa anuncian no primeiro párrafo o camiño a seguir: *“ o recoñecemento do dereito a asistencia sanitaria pública efectúase mediante diferentes procedementos administrativos, segundo o grupo de que se trate, pola propia evolución na extensión do aseguramento sanitario público e a influencia na normalización europea neste campo.”*

Eles mesmos son os que recoñecen nesta orde a diferenciación entre clases ou circunstancias laborais, non tes traballo = non tes médico.

E tamén nos indican claramente o destino final da asistencia sanitaria, Europa.

Con estas premisas non sería difícil adiviñar un futuro sistema sanitario cunha base de medios públicos (hospitais, orzamentos, etc) e cunha organización e administración de carácter privado.

CHARLA-COLOQUIO


SANIDADE PUBLICA

Para defender os nosos dereitos temos que estar informadas!



CENTROS CONCERTADOS

O presuposto da dirección provincial do Sergas de Lugo reflexa que a partida destinada para a prestación de servizos sanitarios públicos en entidades privadas no ano **2012** terá unha cantidade de **11.713.430 euros**, o que ben sendo **4 millóns máis** co ano anterior. Temos un hospital novo e en lugar de invertir no centro e baixar as partidas os centros privados resulta que ampliamos en **mais do 50% do ano 2011**. Esta relación é directa co termino de lista de espera, para axilizar as listas de espera estanse derivando pacientes a centros concertados de carácter privado.



Artigo 3. Requisitos para a solicitude de recoñecemento do dereito ao acceso á asistencia sanitaria.

A. Requisitos para solicitar asistencia sanitaria por carecer de recursos económicos suficientes (PSR):

1. Carecer de recursos económicos suficientes. Para estes efectos enténdense comprendidas as persoas cuxas rendas, de calquera natureza, sexan iguais ou inferiores en cómputo anual ao salario mínimo interprofesional.

2. Non ter dereito xa recoñecido ou dereito á asistencia sanitaria por calquera dos réximes da Seguridade Social.

3. Estar empadroado nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta condición non será requisito para os menores en situacións de risco ou que estean baixo a tutela das administracións públicas nin para as estranxeiras embarazadas.

4. Residir en España, cunha antigüidade mínima de cento oitenta e tres días, se a súa idade é igual ou maior de 18 anos. Este requisito non é exigible no caso de mulleres embarazadas.

B. Requisitos para solicitar asistencia sanitaria como Código 29:

1. Ter unha idade comprendida, no momento da solicitude, entre os 18 anos e a idade oficial de xubilación.

2. Ter estado de alta como traballador en activo con dereito á asistencia sanitaria pública na Tesouraría Xeral da Seguridade Social nalgún período comprendido nos doce meses anteriores á solicitude.

3. Estar empadroado nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Ser demandante de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Ter solicitado o subsidio de emigrantes na oficina de emprego no caso dos/das emigrantes retornados/as nos doce meses anteriores á solicitude da asistencia por este código.

PRIVATIZACIÓN

Según a axencia Efe o Sergas firmou un contrato por valor de **88 millóns de euros** coa empresa Servicio Móvil para realizar o servizo de **xestión lóxística integral do Servicio Galego de Saude**. Este proxecto se pora en marcha no mes de Outubro do 2012 e tera unha duración de 10 anos.



Unha empresa dixitalizará o arquivo das 300.000 historias clínicas do HULA

O Sergas ten previsto convocar un concurso, a principios de ano, para dixitalizar as 300.000 historias que garda nun almacén do Ceao e que custodia, traslada e reparte polos centros a empresa Servicio Móvil, con sede Nas pontes. Esta sociedade está especializada tamén en traslados hospitalarios e de feito é a que se encarga do do Lucus Augusti, e en dixitalización de historias. De feito o seu responsable anunciou que se presentarán ao concurso.